

GUIEIRO

ORGÃO DO PATRÓNATO CIVILIZACIÓN GALEGA

Montevideo, abril de 1965

Redactor Responsable: Dr. José Cancela Freijo

Año I Nº 1
San José 870

EDITORIAL

O NOSO IDEAL

"Un pobo culto, nobre, traballador, creador do mais alto que exista, n'unha terra fecunda; unha inmensa perspeitiva de searas e bosques, de talleres, de portos, de poesía, de cencia, de ideal..."

Castelao.

Por ser nos, galegos, un pobo eminentemente sensitivo e c'un sentimento da saudade único no mundo, non podíamos, lonxe da terra, vivir tamén a lonxeados do seu espírito e da sua cultura.

Como colectividade humá que ten a sua lingua, a sua literatura, o seu arte, e unha unidade íntima ben diferenciada, non podíamos, ben que lonxe do noso lar, vivir c'a alma pachada a ese herdo espiritual afincado na Terra.

E por isto, pois, que naceu, primeiro o Patronato e, hoxe, "GUIEIRO", o seu órgano de expresión.

Pra nos, o Patronato e "GUIEIRO", non sómentes nacen desta necesidade, sinón tamén do desexo de incorporarnos o desenvolvemento e cultivo da nosa cultura e vida social, que non poden escapar — nin deben — as correntes universais do noso tempo.

Por feliz coincidencia, naceu a idea de constituir o Patronato, no ano do bicentenario do nacemento de José Artigas, héroe nacional uruguayo.

E co pensamento posto na idea de asociar os nomes de Uruguay e Galiza, xurdíu a iniciativa d'un movemento que trasmite á posteridade, o agradecemento dos galegos a este país, que os recibiu cos brazos abertos e doullles un fogar libre e seguro. O mesmo tempo, que sexa este un recordo pra aqueles fillos da nosa terra que aqui, no Uruguay, prodigaron o seu esforzo, contribuindo a portar a este país ós seus maiores destinos.


Así, o Patronato fixouse a responsabilidade de recoller as contribucións dos galegos, seus descendentes e amigos, pra erquer un gran edificio que servirá de asento á "Escuela de 2º Grado, Nº 43" (nomenada) "GALICIA" e que pertenece ó Consejo de Enseñanza Primaria y Normal.

O dito edificio será, tamén, un memorial dedicado á nosa terra, no que deberán eisistir todos os elementos necesarios pra destacar os

(Sigue en la pág. 2)

COUSAS DA VIDA

por CASTELAO



—O can é o animal máis sanguinario.

—Por algo é o máis amigo do home.

Noticias do Patronato

O NOSO IDEAL (Concl.)

(Viene de la pág. 1)

valores universales que Galiza ofreceu no decurso da sua historia.

Non sabemos canto tempo será preciso pra levar a fin este proiecto; pero, hasta que sexa un feito, non haberemos cumplido con un dos ouxetivos fundamentais que quixaron os fundadores do Patronato.

Veleiqui a nosa tarefa: Sementar cultura e amor a nosa terra.

Neste facer decote que nos imponemos, caben todolos galegos e amigos de Galiza, sempre que sexan honrados, diños e sinxelos.

Cumprindo con este quieiro, e d'acordo á nosa ata institucional, non permitiremos nengunha clase de politica, nin que as ideas de cada un poidan ser un impedimento pra ser membro do Patronato.

A nosa tarefa, ademais do xa dito, encar-

míñase a outecer e poñer a Galiza, i-los galegos, no lugar que se merecen pola sua laboura e teacidade sin par. Debemos outecer estas vertudes pra que d'unha vegada, e pra sempre, a palabra "galego" desperte orgullo entre nos, e admiración entre os alleos.

Coidamos haber esposto, inda que moi lixeiramente, as nosas intencions i-o noso ideal, que esperamos sexan do acordo de todolos galegos.

De calquera xeito eiqui estamos pra ouvir sugerencias ou propostas que amelloren tanto estamos facendo. Pra isto "GUIEIRO" virá a ser o vencello que une á colectividade galega e todalas suas institucions, quenes, desde hoxe contarán c'un anaquexo de páxina donde espontas suas arelas ou actividades.

Dende a soleira deste primeiro número e coa espranza dunha boa benvida pra "GUIEIRO", scudamos moi cordialmente a todolos galegos e a cantos sinten amor pola causa galega.

Constitución del "PATRONATO DA CULTURA GALEGA"

En sucesivas reuniones efectuadas en el local del Centro Gallego, gentilmente cedido a tal efecto por esa prestigiosa institución, los días 3 y 22 de junio, 1 de julio y 21 de setiembre de 1954, se concretó la idea de constituir una institución gallega que tratara de lograr unificar los esfuerzos, sumamente meritorios, pero poco coordinados, de las diversas asociaciones gallegas del Uruguay, en el aspecto cultural. Nunca se re-

conocerá bastante el mérito de todos aquéllos que, luchando contra las condiciones más adversas, han sabido mantener vivo el culto a nuestras cosas, el estímulo a los que desarrollaban actividades folklóricas gallegas, y en fin todo lo que tenía a dejar bien colocado el nombre de nuestra tierra. El Patronato viene ahora a recoger esos frutos y encuentra un terreno propicio para poder llevar, con la colaboración de todos, el conocimiento de Galicia al más completo desarrollo.

En medio de un gran entusiasmo, en la reunión de la samblea del 21

de setiembre, se aprobaron los Estatutos Sociales, cuyos aspectos doctrinarios nos complacemos en reproducir en esta misma sección. La lectura atenta de los mismos permitirá formarse una idea de los altos fines de la novel Institución que, en base al respeto mutuo entre sus integrantes, podrá lograr la agrupación en sus filas de todos los galegos y descendientes que mantengan vivo el cariño que los une a su tierra. Con la acción coordinada de todos y con un mínimo esfuerzo, será posible la realización de grandes obras.

AUTORIDADES DEL PATRONATO

De acuerdo con la resolución de la Asamblea, las autoridades del Patronato quedaron constituidas del siguiente modo:

JUNTA DIRECTIVA

Titulares

Presidente: Dr. José Cancela Freijo; Vice-Presidente: Sr. Luis Luna; Secretario: Sr. Juan García Durán; Pro-Secretario: Sr. Manuel Meillán; Secretario de Actas: Sr. Miguel Vázquez Valiño; Tesorero: Sr. Jesús Canabal; Pro-Tesorero: Sr. Abelardo Cerdeira; Vocales: Sr. Rogelio Cercido y Arq. Ramón Ríos.

Suplentes

Sres. Marcelino Martínez, Antonio Crestar, Alfonso Gómez Vázquez, Manuel Segade Conde, Manuel H. Fernández Vázquez, Manuel Canabal, Héctor González Karlen, Federico Docampo, Jesús Gato, Jorge Boullosa, Constantino Santos, Danilo Antón, José María Pazos, Ignacio Landeira, Nemesio Carballo, Agustín López García, Washington Blanco y Máximo Malvar.

COMISION FISCAL

Titulares

Sres. Cr. Alberto Rodríguez López, Esc. Filiberto Ginzo Gil y Albinio García.

Suplentes

Sres. José González Martínez, Joaquín Rosende y Gervasio Vázquez.

Personería Jurídica. — La Asamblea resolví facultar a los Sres. Esc. Valentín Martínez, Dr. José Antonio Ferro y Esc. Filiberto Ginzo Gil, para que realicen los trámites necesarios para obtener la personería jurídica.

Señor consocio:

Deposite su contribución al "Patronato da Cultura Galega" en la cuenta corriente Nº 2338 del Banco de Galicia.

HISTORIA DE GALIZA

Acaban de sair do prelo os dous primeiros tomos. Pida o seu exemplar na Segredaría do Patronato.

—ACUSANDO RECIBO—

Recebimos o Nº 59 de "BETANZOS", a excelente e moi ben presentada Revista, órgao oficial do Centro "Betanzos", de Bós Aires, o que molto agradecemos.

"GUIEIRO" prega e ofrece canxe con todas as publicacións afins.

Todos teñen un lugar no Patronato; o que non está é porque non quiere.

A contribución estabrécea cada un; si non pode aportar diñeiro basa coa axuda moral.

OBRAS QUE ESTAN ESPERANDO NUESTRO ESFUERZO

- La Cátedra de Idioma y Literatura gallegos.
- La creación de Becas para que jóvenes uruguayos vayan a estudiar y conocer Galicia.
- El establecimiento de Concursos Literarios con premios adecuados a su importancia.
- La formación de una gran Biblioteca Gallega que acoja todo lo que se publique o haya publicado referente a Galicia y la obra creadora de los gallegos.
- El perfeccionamiento de nuestras organizaciones dedicadas al cultivo del folklore gallego.
- La organización de un conjunto teatral en gallego.
- La publicidad de los valores de Galicia como región de Turismo, para que no se la olvide en la organización de los viajes de América al Viejo Mundo. Nuestra tierra incomparable está en ese aspecto casi inédita.
- Destacar todos aquellos lugares que en el Uruguay llevan nombres de personalidades gallegas o referentes a nuestra Tierra, por medio de Placas, Monumentos, etc.
- Crear un gran Memorial que materialice los vínculos indestructibles que unen a Galicia con el Uruguay.

DE LOS ESTATUTOS DEL PATRONATO

ART. I. — DECLARACION DE PRINCIPIOS.

Sobre la región más antigua de la Península Ibérica, su ángulo noroeste, vive el Pueblo Gallego que, como resultado de milenarios de evolución, posee una personalidad singularizada, entre otras cosas, por el idioma, por las costumbres y modo de vida, por la particularísima consustanciación con la tierra que habita. Esta personalidad ha ido integrándose en el curso del desarrollo histórico y ha resistido exitosamente las múltiples fuerzas que han influido para desorganizarla. Es una realidad viva y auténtica que merece perpetuarse.

ART. II. — EL PATRONATO DA CULTURA GALEGA — en adelante, el PATRONATO — se constituye en la ciudad de Montevideo, con el propósito de trabajar a favor del conocimiento de Galicia y de los valores universales que el Pueblo Gallego ha creado, así como para estimular el desarrollo de las Ciencias y las Artes y de todo impulso que tienda al perfeccionamiento de la cultura y de la manera de vivir de los gallegos y de sus descendientes, residentes tanto en su tierra de origen como en cualquier otro lugar. En particular tratará de destacar los valores de Galicia en el Uruguay e incrementar el estrechamiento de los vínculos fraternales entre los Pueblos Gallego y Uruguayo. Evitará cuidadosamente todos aquellos motivos que puedan originar divisiones entre los gallegos, en especial los basados en diversas concepciones políticas o religiosas y procurará que, unidos por el entrañable cariño que todos guardan a su tierra, desarrollen sus actividades en perfecta armonía y guiados sólo por los altos ideales de la Institución.

* * *

Conocidos los fines de nuestra Institución, ¿puede haber un gallego que no desee participar en una obra semejante?

O USO DO GÁLEGO NO CULTO CATÓLICO

Por resolución do Concilio VATICANO II, as manifestacións do culto da Igrexa Católica en que participe a comunidade dos fiéis, debrán realizarse na lingua vernácula. Os Bispos españoles deixaron a criterio dos titulares das diversas diócesis a redacción dunha versión á lingua vernácula dos textos empregados nas diversas manifestacións do culto. Os Bispos cataláns e vascos dispuxeron a redacción de versións en catalán e en euskera; os Bispos gallegos, todos eles menos o Arcebispo de Sant-Iago nados noutras rexións, limitáronse a dispor o emprego da versión castelán, mesmo como si o castelán fose a lingua vernácula de Galicia. De todas partes da nosa terra e todos os países do mundo chegaron peticións á máxima autoridade da Igrexa en Galicia pra que esa tremenda anomalía fose corregida. O Patronato da Cultura Gallega do Uruguay non podía deixar de facer chegar a súa adhesión ós que neste intentaban pola dignidade do noso pobo,

Montevideo, 2 de febreiro do 1965
Emmo. e Rvdmo. señor:

O "PATRONATO DA CULTURA GALEGA", institución formada en Montevideo, República do Uruguay, por gallegos, filhos de gallegos e amigos de Galiza, coidou ouxeto de traballar a prol do conocemento de Galiza e do perfeicionamento da cultura e xeito da vida dos gallegos e dos seus descendentes, ten o grande honor de dirixirse a V. E. R. pra espresarlle o seguinte:

Que sendo un dereito humano xa universalmente reconecido o de comunicar con Deus e ouvir a palabra dos seus Ministros na lingua nativa da persoa crente, corresponde que nos Templos de Galiza, a Sagrada Litrurxía e as predicacións se fagan, polo menos na maioría dos casos, na lingua galega.

Que sería conveniente se fixara anha versión galega de todos os Textos Sagrados e das publicacións que relacionan a Autoridade Eclesiástica coa comunidade dos fiéis.

Os pobos de Euzkadi e Cataluña foron contemprados nos seus antecesores. Si o pobo galego non é tratado como as outras comunidades idiomáticas minoritarias, esa medida discriminatoria somente pode crear malestar, e fomentará a explotación política, todo o que perjudicará a difusión da Relixión que V. E. R. con tanta devoción, ilustración e intelixencia trata de propagar na Arquidiócesis que encabeza.

Agardando que coa iluminación que Deus lle conceda poda V. E. R. conseguir ó que xuzgamos un dereito elemental de Pobo Galego, presentámoslle a expresión da nosa meirande consideración e respeto.

Dr. José Cancela Freijo
Presidente

Juan García Durán
Segredario

O Emmo. e Rvdmo. doctor don Fernando Quiroga Palacios
Cardeal-Arcebispo de Santiago de Compostela

VISITA DEL CORO "BRETEMAS E RAIOLAS"

El día 11 de octubre p.p. se realizó en el Estadio Cerrado del Club Atlético Peñarol, bajo la organización del PATRONATO, un festival folklórico a beneficio de la Real Academia Gallega, con la intervención del Coro Brétemas e Raiolas que viajó expresamente desde la ciudad de Buenos Aires. La actuación de este conjunto que cultiva la música, canciones y danzas de nuestra tierra madre, bajo la dirección del Sr. Julio Anta, deleitó a una concurrencia muy numerosa con un programa muy variado e interesante.

Los visitantes fueron agasajados con un paseo por la ciudad y una comida campestre en la Sociedad Criolla "Dr. Elías Regules". Por la mañana se hizo una ofrenda floral ante el monumento al héroe de la nacionalidad uruguaya General José Artigas

La actuación en Montevideo de la meritaria institución gallega de referencia sirvió para avivar la llama del sentimiento de amor a nuestra tierra meiga en el corazón de nuestros paisanos y contribuyó a la difusión de nuestras costumbres tradicionales.

—Pra integrar o Patronato sólo se requere ser galego ou amigo de Galicia e persoas de ben.

—Hay xente suspicaz que quere atopar simbolismos atravesados nas mais sínxelas e inocentes eispresioes. A eispricación está na súa testa, non na nosa intención.

Censo de gallegos y descendientes. — Se está organizando el censo de gallegos y descendientes residentes en el Uruguay. Todos deben contribuir a realizar esta obra de gran valor para la organización futura. Señor Asociado: Acérquese a algún miembro de la Comisión e infórmese de cómo puede aportar su granito de arena.

—Si vostede non está dacordo coa marcha ou a orientación do Patronato veña e amóstrenos as súas discrepancias; a nosa institución cultiva a democracia coma norma de relación antre os seus membros.

HOMENAJE A LAS SOCIEDADES GALLEGAS DEL URUGUAY

El 20 de diciembre p.p., en el Salón de Fiestas de "Casa de Galicia", el PATRONATO realizó un acto de Homenaje a las Sociedades Gallegas que en nuestro medio han venido trabajando incansablemente durante muchos años procurando difundir el conocimiento de nuestra tierra gallega y tratando de mantener vivo entre nosotros el espíritu de nuestro pueblo. En presencia de una numerosísima y calificada concurrencia nuestro Presidente hizo entrega a cada uno de los Representantes de las Instituciones de un Diploma que acredita como Socio Protector del Patronato. El Sr. Presidente de "Casa de Galicia" D. Luis Luna agradeció en nombre de las Sociedades homenajeadas, la distinción recibida.

Los concurrentes hicieron los honores a una cena fría, servida por gentiles chicas ataviadas con trajes regionales. Amenizaron la fiesta los Gaiteros y el Cuerpo de Baile de "Casa de Galicia". El desarrollo del acto adquirió una gran brillantez y alto valor emocional gallego que dejó en el ánimo de todos una perdurable impresión.

Grandes plácemes mereció la Comisión encargada de la organización, destacándose la actuación infatigable y notablemente acertada del socio D. José Manuel Pazos y de sus colaboradores Sres. Joaquín Rosende, Agustín López García, Hipólito Porteiro, A. Blanco Negreira y otros.


—Cada galego pode ter a súa ideia sobre da posición política de Galicia na Península Ibérica; o Patronato non trata dises asuntos, non é unha institución política.

ACTIVIDADES DEL PATRONATO

Aceptando el generoso ofrecimiento de las autoridades del Centro Gallego, la Junta Directiva del Patronato se reune los lunes a la hora 20 en el local de dicha institución, San José 870.

Comisión de Finanzas. — Bajo la presidencia del Sr. Jesús Canabal ha venido reuniéndose para organizar la constitución del Patrimonio Social. Se resolvió que la cuota con que contribuirán los socios sea fijada voluntariamente por cada uno. Si alguien no estuviera en condiciones de aportar contribución alguna, igual puede seguir siendo socio de pleno derecho. El Patronato necesita del aporte de todos, el que no puede contribuir con dinero contribuye con su aporte moral y con su trabajo intelectual. Pero el que puede contribuir debe hacer todo el esfuerzo que le sea posible para que se pueda realizar obra que, como todos comprenden, requiere medios materiales. Numerosos consocios poseen libretas de recibos provisorios para cobrar a sus relaciones. Preferimos que se pague anualmente, semestralmente o a lo más trimestralmente. Deseamos disminuir al mínimo los gastos de administración. Todo lo que se recaude debería invertirse en los fines del Patronato. Ya hay contribuciones elevadas que confirman la proverbial generosidad de nuestros paisanos. (Incluso una de \$ 10.000,00 anuales.)

—Os galegos non somos mellores que naides; pero tampouco menos intelixentes, traballadores ou homes de ben que os de calquer outro pobo; non facemos discriminacións antre os homes.



Galicia en Montevideo

DIRECCIONES DE LAS INSTITUCIONES GALLEGAS RESIDENTES EN MONTEVIDEO

ALMA GALLEGA — Presidente, D. José Andrade; Secretario, D. Enrique Casal. Sede social: Avda. Uruguay 1441.

ASOCIACION URUGUAYA DE HIJOS DE GALLEGOS — Presidente, D. Carlos Zubillaga Barrera; Secretario, D. Jorge Díz. Sede social: San José 870.

CASA COMPOSTELANA — Presidente, D. Ramón Taboada; Secretario, D. Luis R. Pardiñas. Sede social: Rambla Presidente Wilson 303.

CASA DE GALICIA — Presidente, D. Luis Luna; Secretario, D. José Lorenzo Goenaga. Sede social: Colonia 1474.

CENTRO ARNOYA DE MONTEVIDEO — Presidente, D. Teodoro Tizón; Secretario, D. Manuel Martínez. Sede social provisional: Ejido 1617.

CENTRO CULTURAL Y DEPORTIVO CORUÑES — Presidente, D. Federico Docampo; Secretario, D. Joaquín Rosende. Sede social: Ejido 1617.

CENTRO GALLEGO — Presidente, D. Antón Crestar; Secretario, D. Antonio Serrano. Sede social: San José 870.

CENTRO LUCENSE — Presidente, D. Eduardo Ramudo; Secretario, D. . Sede social: Juncal 1355.

CENTRO ORENSANO — Presidente, D. Manuel Salgado; Secretario, D. Eladio Alvarez. Sede social: Carapé 2014.

CENTRO ORTEGAN — Presidente, D. Severiano Martínez; Secretario, D. Antonio Ventosinos. Sede social: Av. Agraciada 1917.

CENTRO SAN MIGUEL DE OYA (Vigo) — Presidente, D. Santos Jeremías Veiro; Secretario, D. José Costa. Sede social: General Flores 2886.

CLUB SOCIAL Y DEPORTIVO VALLE MIÑOR — Presidente, D. Venancio Moreira; Secretario, D. Desiderio Joviño. Sede social: Julio César 1431.

HIJOS DE GALICIA — Presidente, D. José Guerrero Misa; Secretario, D. Floreal Afonso. Sede social: Arroyo Grande 2827.

HIJOS DE MORGADANES — Presidente, D. José Alonso Márquez; Secretario, D. Manuel Genda. Sede social provisoria: Hotel Salvo, Palacio Salvo.

HIJOS DEL PUERTO DEL SON — Sede social: Vocabo 1960 (Cerro).

NO 15º ANIVERSARIO DA MORTE DE CASTELAO

En Montevideo conmemorouse o pasamento do gran guieiro do noso pobo por medio de actos realizados na intimidade, sen moita bulla, pero a un outísimo nivel emocional. O mesmo día 7 de Xaneiro ás sete e media da tarde, membros da Comisión de Cultura de "Casa de Galicia" en presencia das máximas autoridades sociaes e outros asociados, colocaron unha ofrenda froral diante do busto existente na biblioteca, é o señor Fernando Pereira pronunciou unhas sentidas, así como eloquentes verbas.

As oito da noite, no vestíbulo do "Centro Galego" o Presidente da Institución Sr. Crestar, ante o busto de Castelao, diante do que luchan ofrendas frorales da entidade e do Banco de Galicia, refireuse con axustadas verbas á persoalidade do noso mestre desparecido.

O dia 8 ás oito e media da noite, no "Centro Galego" a xoven Institución "Asociación Uruguaya de Hijos de Gallegos", realizou un homenaxe que moveu fondamente a nosa

emoción. O señor Alberto Cabrera, trouxo a representación da Asociación similar na República Arxentina. Membros da Institución, leeron varias poesías alusivas, rematando coa conocida e sempre apreciada creación de Cabanillas "DE QUE MORTE MORREU A NOSA PRENTA?"

No correr da semana, varias audições radiales españolas dedicaron parte do seu espacio a ensalzar os méritos do finado así como a anunciar os actos programados, sendo de resaltar a audición "Sempre en Galiza", que ó dia 10, domingo, dedicoule toda seu espacio ó acontecemento a que nos referimos.

As autoridades do "Patronato da Cultura Galega" e gran cantidad de asociados do mismo, participaron activamente na recordación asistindo a todos os actos programados.

—Moitas cousas poden dividirnos; cultivemos aquelas que nos avenellan.

COMITE DE SOCIEDADES GALLEGAS

El próximo 23 de abril a la hora 19 y 30 se reunirá en la CASA DE GALICIA el Comité de Sociedades Gallegas, con la finalidad de establecer el Programa de Festejos con que este año se solemnizará la Semana de la Cultura Gallega.

CENTRO CORUÑES

Ciclo de Conferencias del mes de abril

Viernes 9 - Hora 20.00. — Escritor Juan García Durán: "El carácter gallego".

Viernes 30 - Hora 20.00. — Escritor Cristóbal D. Otero: "Concepción Arenal: su vida y su obra".

O PENSAMENTO GALEGO

A LINGOA, SANGUE DO ESPRITO

Por RAMON PINEIRO

Pra que unha colectividade humá teña a categoría de pobo, pra que teña unha unidade íntima e trascendente, ha de ter unha alma de seu. E un pobo ten alma de seu cando posé "idioma", cando fala nunha lingua propia, que tal é o que siñifica a palabra idioma.

A lingua ven a ser a alma viva do pobo que fala, ven a ser a sua comunidade esencial. Entre todolos factores de naturaleza comunal que gobernan a vida social, a lingua é o más espontáneo, o más íntimo e tamén o mais común e duradeiro.

O más espontáneo porque expresa o curso inmediato da vida anímica, tanto individual como colectiva, que na palabra faise luz.

O más común porque a necesidade íntima de comunicación abrange a totalidade da comunidade social. A convivencia básease na comunicación, no intercambio de ideas e sentimientos que mesmo é a función esencial do idioma.

O más duradeiro porque goza de unha estabilidade dinámica, viva, superior á dos demás factores da cohesión social.

Cando un pobo crea unha lingua de seu, dalle expresión, dalle vida fecunda á comunidade de ideas e sentimientos. Unha lingua propia manifesta unha espiritualidade propia, unha comunidade vivencial peculiar.

A forma de convivencia típica dos pobos é a convivencia fraternal, a participación en común — a comunión — en algo tamén común. Hai unha forma primaria de fraternidade, que é a fraternidade étnica, basada na comunidade de sangue. Pro hai tamén unha fraternidade superior, unha irmandade espiritual, basada na comunidade de lingua. A lingua ven a ser, xa que logo, algo así como un sangue do espírito, un sangue espiritual que vivifica e imprime identidade familiar a todolos que a falan.

Coma si se tratase de unha impalpable cadea anímica, a lingua cingue en irmandade espiritual única a cantos a falaron no pasado, a falan no presente e a falarán no futuro. En cada intre do tempo a lingua conserva e amostra, convertidas en palabras — que venen a ser coma vivas arquinas sonoras — todalas esperencias espirituás dos que a foron creando no pasado; recolle e asimila todalas que lle incorporan os que a falan na actualidade; i entregalle todo este caudal expresivo, todo iste immenso tesouro espiritual, arrequecido sin descanso por sucesivas xeneracións, a cada un dos que comenza a depredela cada dia.

Veleiqui un tesouro, un ben, que sendo obra de todos, presentes e pasados, donaselle enteiro a cada novo ser que chega á comunidade. E un herdo espiritual que lle pertenece por igoal a todolos que nacen no mesmo eido idiomático. Con il, cada un recibe o legado colectivo de cantos pertencen ó mesmo pobo. Nil están

latexando, acochadas no ámago de cada palabra, as arelas, as emocións, as esprazas, as tristuras, os pensamentos, as dúbidas — a vida espiritual enteira de cantos o precederon. Pola posesión do idioma entra o home en comunicación íntima e trascendente con todolos contemporáneos, con todolos antepasados e con todolos sucesores que ó longo do tempo formaron, forman e formarán, a unidade histórica que il chama "o meu pobo". Pol-o idioma entra en comunicación — i en comunión — con esa totalidade humá que constituye unha irmandade espiritual que constituye un pobo. Por iso todo home nado de boa caste, sempre sentirá amor e sagro respeito pol-o seu idioma.

Ademais de ser o vencello esencial entre o home e más a sua comunidade, o idioma tamén xoga un papel decisivo na formación da personalidade espiritual do home mesmo, pois sin a lus que as palabras lle infunden no espírito, estaría eternamente condenado a vivir atoutiñando na escuridade intra individual. Isa riquísima fartura de esperencias humás ás que a lingua lle dá trasparencia ouxetiva, ven a ser coma un espello ideal no que o home vai pouco a pouco identificándose a sí mesmo. I é que o home pasa do reino do natural ó reino do espiritual mesmamente por medio da fala. Nace no mundo biolóxico, e moi axiña, talmente segundo vai depredendo a falar, comenza a ascender ó mundo do espírito. As novas palabras que vai depredendo venen a ser como ás invisibles que xurden dentro do seu ser, e que o elevan ó reino do conocemento, da lus, da libertade: ó reino do home, ó mundo especificamente humano. E si no mundo biolóxico necesita da nutrición orgánica pra a sua subsistencia e desenvolvemento, tamén pra o seu desenvolvemento espiritual necesita manteñer, que a atopa no idioma, porque o espírito só se manteñen de sustanza espiritual. Así, pra o espírito do home son bocados de pan as palabras do seu idioma, e iste, o camiño estrelado que o leva dende a escuridade biolóxica inicial hasta o mundo lucido do pensamento e da libertade.

Un idioma é sempre unha creación colectiva, a meirande creación do todo pobo; creación incesante, decorada anovada, na que se vai plasmando o mundo espiritual da comunidade que lle da alento. O espírito colectivo do pobo faise forma viva no idioma que é de todos, que é patrimonio comunal, mais que empósito anida no interior de cada un, de onde van saindo e saindo palabras que, revoando perenemente de boca en boca, levan e traen a intimidade de cada home rente da dos demás, mesmo como si as palabras fosesen moedas maravilloosas acuñadas coa quentura aloumiñante de todolos beizos da comunidade idiomática. Forman, ó cabo, a expresión ouxetiva disa constante inter-comunicación en que descansa a vida dos pobos.

Cada pobo crea e fala o seu idioma propio. Si os idiomas son entre si distintos, é porque tamén cada pobo ten un mundo espritoal propio e ese mundo espritoal crea il mesmo a sua lingoaaxe expresiva, ou seña, o seu idioma. Iste idioma feito con sustanza espritoal da comunidade que o fala, transfúndelle tal sustanza a cada novo ser humano que o deprende. Así, cada un náutrese, dende o comenzo, da sustanza espritoal do seu pobo, a través de unha auténtica, de unha verdadeira comunión. Os que son irmans na lingoa son tamén irmans no esprito. Por iso resultará sempre que toda persecución a un idioma, veña de onde veña, será un crime espritoal do que han de arrenegar todal-as almas nobres.

O noso pobo, o pobo galego, soupo crear o seu idioma. Si a nós se nos distingue como unidade peculiar entremedias da familia europea, é talmente gracias ó idioma. Non é pol-a nosa soberanía política, nin pol-a realización de grandes feitos históricos colectivos, nin pol-a posesión e utilización de grandes riquezas económicas que repercuten no mercado internacional. O que verdadeiramente nos singulariza, o que nos da personalidade definida e caraterizada diante dos alleos, é o idioma, ou seña, o esprito; isé esprito xenuinamente noso, que se refrexa fidelíssimamente na lingua galega. Poderian, nunha gran treboada histórica, queimar todos os documentos do noso pasado sin deixar un; poderian-nos arrepañar os bens económicoa e condenarnos a unha meirande probeza; poderian estordegar toda a nosa estrutura social de maneira violenta; poderian, si se quer, encarcelar milleiros ou ducias de milleiros de irmáns nosos... Con todo, mentras que nos nosos beizos resoasen decote as palabras do idioma galego con toda a sua cadencia íntima, Galicia continuaría a ser un pobo, unha irmandade espritoal indestrutible.

O idioma galego é o herdo que nós recibimos de todol-os nosos antepasados, e que nos foi trasmisido de xeneración en xeneración ó longo dos séculos. Il garda en sí a máis outa creación, o meirande título de gloria de toda a comunidade galaica de todol-os tempos. Porque está por enriba das diverxencias ideolóxicas e das loitas de intereses; quen perseguir ó noso idioma, perseguirá a alma mesma de Galicia, o seu honor, a sua personalidade esencial. Aquil que for inimigo do noso idioma é, de certo, un inimigo noso. Inimigo satánico, posto que é inimigo da nosa alma.

O idioma galego forma parte de unha gran familia: é irmán do francés, do castelán, do italiano, do catalán e de todal-as demáis linguaas románicas. A força espritoal do pobo galaico soupo crear, de maneira semellante ó pobo francés, ou ó italiano, ou ó catalán, a sua lingua propia, o seu idioma, expresión da propia personalidade. Os nosos maiores tiveron alento e grandeza de esprito pra se pór en par dos demáis pobos europeos. A lingua galega, o mesmo que as demáis linguaas irmás, tén en si mesma unhas posibilidades de plasmación cultural. Da mesma maneira que o francés serviu pra xermolar unha gran cultura de valor universal, ou o italiano, ou o castelán, o galego pode servir de base a unha cultura de valor universal semellante. Daquela que os nosos devanceiros tiveron vontade de o conquerir, agromou niste chan ouidental a lírica galaico-portuguesa, unha das grandes creacions da cultura europea. Veleiqui a gran ambición colectiva que nos debe axuntar por enriba das loitas de ideas ou de intereses, pois ningunha outra nos pode ennobrecer tanto. Percurri que así seña é o deber fundamental que todo galego ten coa sua comunidade. Renunciar a flo, total ou parcialmente, denota debilidade moral, impotencia de esprito, caducidade...

A MANTENZA EN GALICIA

Galicia pasa por sere unha terra de fortuna. E ninguén pode negar ista fermosa realidade. As costas abondan de peixes e mariscos. A montaña é rica de gando, de porcos, de legumenzas e froitos, de ledos viños. A pesca buliga nos ríos. A xente semella ben mantida, forte, rexia, san. Nas feiras cómese e bábese sin tino. Nas festas acontece outro tanto. I o paisán, sempre xeneroso, colga nas vigas os chourizos i os lacós e garda nas cestas os queixos i as pelas de manteiga que ofrecer ó visitante agradecido. Galicia é, entre outras cousas, unha leda eira abastada de alimentos.

Pro esa inmediata realidade, ¿é toda a realidade? Penso que non. Penso que elixisten grandes leiras do noso país onde se non xanta a cotío con folgura ou donde se xanta desequilibradamente. Sobor de todo, o pirmeiro. Señores do país nos que a hiponutrición é a regra. Trátase de paisáns — o máis frecuentemente paisáns da outa montaña — cuia mantenza foi baixando progresivamente de valor calórico e de mínimo proteico. Paisáns que viven en prena **distrofia** máis ou menos chamativa e como disimulada nos recantos orgánicos.

(D. García Sabell, Notas Encol da Fáme Galega, en ENSAIOS, T. I, 1963, Edit. Galaxia.)

A Vida en Galicia

CURSOS DE LINGUA

E LITERATURA CALEGAS

En moitas cidades galegas comenzaron a dictarse crases de lingua e literatura galegas. Distinguidos universitarios teñen a seu cárgo a tarefa que se cumpre en forma gratuita. Lévanse a cabo nos salóns de crase dos diversos Institutos de Segunda Enseñanza. Están xa en preno desenrolo os cursos dictados en Pontevedra, Santiago, Cruña e Lugo. Moi pronto iban a iniciarse en Ourense e Vigo. E este un aspeito máis da gran inquietude cultural que neses intres ferve en Galicia.

UN PROFESOR DE OXFORD ESTUDA O FOLKLORE GALEGO

O señor Carmelo Lison Tolosana, profesor do "Exeter College" de Oxford, home especializado en temas folklóricos, encóntrase en Galicia donde pensa residir un ano, pra estudar etnología galega. As primeiras impresións do distinguido especialista son as de que Galicia é un país moi rico en tradicións e abundante en ritos folklóricos; mais con poucos estudos feitos en forma sistemática. A laboura a realizar foi encarregada pola indicada Universidade.

ROSALIA EN INGRES

Baixo o patrocinio do "Consello de Europa" e pra dar a coñecer obras de escritores en línguas rexonales europeas, foi publicado o volumen dezasete, que corresponde á nosa Rosalía de Castro. Os poemas foron traducidos ó Inglés por un irmán de caste, o poeta celta Charles David Ley.

O MIRADOR DE MONTE LOBEIRA

A carón de Villagarcía de Arousa está un dos mais belidos miradores da nosa terra. Os vecíños están tratando de acadar das autoridades que acondicionen axeitosamente a carretera que vai deica a cume. Tamén solicitaron faguer (alí na cume) un refuxio e unha taberna enxebre.

MORREU GOMEZ ROMAN

En Vigo, donde residía xa fai tempo, morréu o ilustre arquitecto galego don Manuel Gómez Román. Anque estaba cásque cego, Gómez Román, nembarcantes, seguía de moi preto todo canto tiña que ver coa vida cultural de Galicia. Deixou moitas labouras crasicamente galegas, de depurado e orixinal gusto, como por exemplo o Museo Provincial de Lugo.

O "I FESTIVAL POPULAR DEL MAR"

Na primeira quincena do mes de setembro realizarase en Pontevedra o Primeiro Festival Popular do Mar. Foron convidadas a participar todas as provincias marítimas, pois a finalidade é a de revalorizar os cantos e bailes de pescadores e mariñeiros. Cada grupo que interveña debe interpretar dúas cancións galegas en forma obligatoria e dúas outras á súa libre escolleita. Tamén deben interpretar un baile popular galego e outro libre. As eliminatorias durarán tres días e levaranse a cabo en Villagarcía de Arousa, Sanxenxo, Marín e Pontevedra. As finais no Parque de Castrelos de Vigo.

CERTAME DE CINE NA CRUÑA

Celebrouse nesta cidade o "I Certamen Internacional Cinematográfico de la Mar". Foron cinco xornadas. A asistencia, así como a calidade das mostras, foron algo probes. O "Premio Internacional" foi declarado desierto. Causó unha grande impresión no público "El Acorazado Potemkin" do famoso Eisenstein.

CORCUBION Y PUENTEMARIN

Uno de los premios "Conde de Guadalhorce", correspondiente al año 1964, que alcanza a doscientas veinticinco mil pesetas, fue ganado por el Ayuntamiento de Corcubión, partido judicial del mismo nombre, en la Provincia de la Coruña. Este premio se concede a aquellos municipios de menos de 25.000 habitantes que mejor hayan cuidado y embellecido las carreteras de la red nacional en el término de su jurisdicción. Este año el premio se adjudicó a tres de los términos municipales situados en el trayecto de la "Ruta Jacobea" o "Camino de Santiago" y los otros dos agraciados fueron los Ayuntamientos de Canfranc (Provincia de Huesca) y Santo Domingo de la Calzada (Provincia de Logroño). Se otorgó una mención honorífica al Ayuntamiento de Puentemarín, partido judicial de Chantada en la Provincia de Lugo.

PORCA PROLIFICA

En Monforte de Lemos unha porca de cárne "York", cruzada cun macho dos nomeados "guichos", propiedade de doña Aurora Lorenzo, domiciliada na rúa do Conde, número 38, pariu nada menos que 21 porquínos. Algo xamáis ollado.

DEPORTIVAS

El equipo del "Pontevedra", que luego de un año de permanencia en Primera Categoría descendiera a Segunda, encabeza las posiciones del Campeonato de su Zona con grandes probabilidades de ascender. En cambio el "Deportivo Coruña" sigue último en el Campeonato de Primera y está seguramente condenado al descenso.

ATLETA GALEGA CAMPEONA

Galicia sempre dóu mulleres extraordinarias: adiantadas, guerreiras, raiñas, poetisas, ... Agora chéganos a nova de que María Luisa García, que nacéu en Vigo, é a campeona da Hespaña, nas especialidades de Pesa, Disco e Xabalina. Sen dúbida, é a maior espranza no atletismo de femias nas próximas Olimpiadas. Conta somentes con dezasete anos.

O PAÍS GALEGO

GUIEIRO irá ofrecendo nesta sección, en vindeiras edicións, comentarios sobre dos moi variados aspectos do país galego, no referente á xeografía, á economía e á etnografía.

XENERALIDADES

O país galego, situado no noroeste da península ibérica, estendese na latitude norte entre os $41^{\circ}48'57''$ (Feces) e os $43^{\circ}27'25''$ (Cabo Estaca de Vares); e na longitude oeste entre os $3^{\circ}5'23''$ (Pico de Miravales) e os $5^{\circ}37'3''$ (Cabo Touriñán), con respecto ó meridiano de Madrid.

Limita o leste cás provincias de Asturias, León e Zamora que forman fronteira con Lugo e Ourense; polo sul cdo nación portuguesa; ó norte e oeste cás llindeiros naturaes do Mar Cantábrico e Océano Atlántico.

Galiza está formada por un entrabiliado sistema orográfico que aincidenta o territorio cás súas cadeas montañosas, podendo, nembargantes, asmarse como unha unidade que ten como centro a Serra de Queixa de onde saen longos ramales que forman serras e macizos sen grandes outuras (máisima Pena Trevinca con 2.031 mts.) con pequenos outeiros de lenes pendentes que orixinan festíles vales.

A rede hidrográfica responde o arteixo montañoso do país cambeada a traverso dos séculos pol-a aitividade erosiva das propias correntes fluviaes de abondoso número, que se caracterizan por un cuase contínuo caudal de transparentes e limpas augas sin grandes re corridos.

O litoral galego que se espalla o longo de 651 kilómetros, ofrece o feito das súas profundas rías onde as augas caletran as vegadas mais de 30 kilómetros na terra, dando orixen a bariles refluxos que dende a mais recuada antiguedade trouxeron aparellada a vella tradição mariñeira galega.

O clima, de tipo marítimo europeo, ofrece unha temperatura meia anual de 14° sendo moi poucos os días en que, en xeral, está por embaixo dos 0° ou por encima dos 25° . En xeral Galiza caracterízase por invernos lenes e vrans fresqueiros con abondosas choivas que a convirten n'unha das zonas mais humedas da península.

Administrativamente o país galego está dividido en catro provincias: A Cruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, datando esta división dos anos 1833-34 xa que devanteiramente as divisions eran sete; ademais das primeiramente nomeadas: Santiago, Betanzos, Mondoñedo e Tui.

A extensión territorial é de 29.093 Kmts. con unha poboación de 2.700.000 habitantes que viven dentro dos llindeiros da Terra, xa que non se pode esquecer

que está perto do millón o número dos galegos espallados pol-o mundo. E grandeira a desigualdade territorial entre as provincias, pois Lugo acada unha estensión somente un anaco mais pequena que Ourense e Pontevedra xuntas. Encol da poboación ousevase que se atopa espallada de xeito moi variábel d'unhas bis barras a outras, pois namentras na costa hai concentracions de 140 habitantes por K. (Rías de Arosa, Ares, Etc.) no interior do país rexistranse logares nos que baixa a densidade a 18 (Serra de Queixa).

Os seus numerosos ríos, montañas e un clima atractivo, fan que a nosa Terra teña un chan ricaz por natureza que lle da, por unha banda, un carácter agropecuario, e por outra destaca o seu aspeito pesqueiro o longo das súas estensas costas, donde se atopan portos principaes como, Vigo, Cruña, Ferrol, Etc.

Eisisten ademais mineraes de ferro, estaño, titano, caolins, wolframio, cuarzos, granito e outros de menos rentabilidade.

As súas producções, establecendo unha comparanza cás de España e apesar de repersentar apenas o 6% do territorio, acadan outísimos porcentaxes: 30% do gando vacuno; 25% da riqueza forestal; 25% da produción hidroeléctrica; 27% da produción pesqueira; superando estes ainda moitas das outras variedades agrícolas como son o millo, fabas, patacas, etc. eisi como algunos dos mineraes, sen que esto queira decer, nin moi meno, que se atopan dabondo esprotados.

A man de obra abundosa xunguida a estes recursos naturaes, eisi como a situación do país galego, convíteno no lugar ideal pro establecemento de industrias de tipo universal.

Pódese decer con propiedade que a característica de meirande importancia do noso país é o formar unha realidade xeo-económica natural acusadamente definida pol-a súa natureza, situación, xeografía e idioma propios,

Amore á terra, morriña e saudade... E o noso patriotismo vexetal, berre o que queira Péladan. Galicia non é, non pode ser nunca nuha abstracción; é pra nos a Terra por antonomasia, mais é a Terra ésta, material, que se vé, que se óle, que se apalpa, os eidos éstes, estas herbas, estos arbres, este ceo, este mar... Terra espiritualizada polo noso amore. Terra santa e bendita de que fomos formados.

VICENTE RISCO. O Sentimento da Terra na Raza Galega.

SOBRE GALICIA Y LOS GALLEGOS

¿Tiene Galicia una personalidad bien definida?

¿Tiene una cultura propia?

¿Tiene un cuerpo social y estructura diferenciados?

¿Tiene deseo de independencia? Veamos:

Cuando en cualquier parte de España, o fuera de ella, le dices a uno, entre burlón y sarcástico, ¡Gallego!, no hacen más, aunque esta no sea su intención, que reconocerle su personalidad especial.

La característica fundamental del gallego es su tremendo espíritu de independencia: Su sueño es poseer una casita, un pedazo de tierra y una vaca que lo independicen, que no lo hagan recurrir a nadie para nada. Para ello, ahorra y trabaja con tal ahínco, que sirve de burla a quienes no comprenden sus ansias. Burla, por otra parte tan estúpida, que llega a ridiculizar lo que de mejor puede tener un pueblo: EL TRABAJO Y EL AHORRO.

El gallego que, en general, no es rebelde y rehuye las acciones colectivas como medio de emancipación, tiene, sin embargo, gran confianza en sí mismo y emprende la aventura de la vida, con un immenseo espíritu de sacrificio, sin apoyos y sin miedos.

Si un gallego hubiera de buscar una consigna obrerista no diría: "La emancipación de los trabajadores es obra de ellos mismos", sino "LA EMANCIPACION DE LOS TRABAJADORES EMPIEZA CON EL TRABAJO DE TODOS Y CADA UNO, PARA CREARSE SU PROPIO BIENESTAR".

El gallego es humilde, sencillo, desconfiado. Está de vuelta de muchas cosas, pero siempre dirá que sabe menos de lo que realmente sabe, porque es tímido y modesto.

Es, por todas estas razones, hombre de resistencia pasiva. Y, de ninguna manera se deja asimilar. Allí está su lengua, viva como nunca después de siglos de imposición del castellano, y su personalidad bien definida.

Es justamente su idioma, con gra-

mática, diccionario y literatura, el mejor vehículo de su cultura y de su alma, de la que nada habla más, ni mejor, que su lirismo, sus "CANTIGAS", que hacen decir a Menéndez Pelayo: "¿Por qué amaneció allí la poesía lírica con caracteres más populares que en Provenza y con un cierto fondo de melancolía vaga, misteriosa y soñadora?" También dice Menéndez Pidal: "La lírica de los trovadores gallegos, de Galicia, pasó a Portugal con todos los demás primitivos elementos de la nacionalidad portuguesa, condecorada con el pomposo nombre de lusitana para disimular sus verdaderos orígenes, que en Galicia y León han de buscarse".

Siguen, como exponentes de su cultura: la música, las danzas, la escultura, los cruceros...

Su cuerpo social y estructura, son bien diferenciados: En lo económico, Galicia se caracteriza por el minifundio, cuando casi toda España es latifundista.

Se dice, y es verdad, que el pueblo gallego es más... dócil que otros pueblos de Iberia. Pero no es menos cierto, que el latifundio que llevó, y lleva, al hambre y a la revuelta, no existe, desde hace siglos, en Galicia. Ni en Galicia se pasa el hambre que en otras regiones.

No pretendo con esto justificar su falta de rebeldía, sino apuntar un fenómeno, que no se produjo por milagro.

El gallego, antes de morirse de hambre, o sublevarse, se va, pacíficamente, emigra, busca, revuelve...

El peor problema del campesino, y de la mayor parte de sus marineros, es que ni es obrero, ni es patrón; pero trabaja más que nadie y se ha convertido en esclavo de un título de propiedad, insignificante, que guarda, muy cuidadosamente, allí en el fondo de un baúl. Claro que es mejor ser esclavo de la tierra, que del terrateniente.

De cualquier forma, siempre vive mejor que el bracero de Extrema-

dura o Andalucía, de quien Castelao cuenta una historia de los tiempos en que por allá estuvo desterrado:

Un día que Maura estaba de visita en un cortijo, su propietario le decía, "Aquí todo está bien instalado y limpio, es de lo mejor de España. Mire, aquí duermen los cerdos, mire que limpial. Aquí duermen las cerdas, mire esta limpieza! Aquí separamos a los cerditos. Y, cuando llegaron a una especie de cuadra donde se veían sacos por el suelo, estaba muy sucia y olía mal, le preguntó Maura: "¿Quién duerme aquí?" Los gafanes. Pues procure que no se despierten.

Seguirá en el próximo número.

GARCIA DURAN

—Si houbera un galego que non sexa amante da súa terra é porque non a conece; a ignorancia é un defecto que se pode correxir; o Patrónato nacéu, ante outras cousas, pra fomentar o conocemento de Galicia.

ENERGIA HIDRAULICA EN GALICIA

De acuerdo con los datos ofrecidos por Paz Andrade (Galicia Como Tarea, 1959, Edic. Centro Gallego, Buenos Aires), Galicia es la región española de más alta producción de energía hidráulica, después de Cataluña. Desde el año 1954 es la que viene cediendo mayor volumen de energía eléctrica a otras regiones. Al cabo de los quince años que serían necesarios para completar los planes ya comenzados o en trámite, la producción teórica de energía eléctrica, a obtener de fuentes gallegas, rebasará los diez mil millones de kilowatios-hora.

Galicia na Historia

Neste curruncho de "GUTEIRO" pensamos ir presentando algúns comentarios referentes ó desenrolo histórico de Galicia. A historia é feita polos homes. No intre que pasamos estes días — O aniversario da morte do gran home galego que foi Castelao, que fai quince anos marchóu pra a inmortalidade — parécenos apropriado dedicar este lugar a rememorar algo do que foi ese gran mestre do noso pobo.

ALFONSO RODRIGUEZ CASTELAO

En Rianxo, na pequena vila situada na costa norte da Ría de Arosa, fundada polo Almirante D. Payo Gómez Charino, Adiantado maior de Galicia, nacéu o trinta de xaneiro de 1886 D. Alfonso Rodríguez Castelao, fillo de D. Mariano Rodríguez Dios, patrón de pesca e de Xoaquina Castelao Jannes. Dinos Marino Dónega no prólogo dunha "Escolma Posible" de Castelao publicada recentemente por Editorial Galaxia, que o neno debíase chamar Daniel, pero o crego encarregado de bautizalo, tirando á sorte, impúxolle o nome de Alfonso. Endebén, Castelao foi sempre Daniel prós seus familiares, prós seus íntimos e prós poetas.

Os once anos de idade, coa sua nai, viaxou a Arxentina a reunirse co pai que había emigrado con anterioridade. Retorna á Terra nativa ós catorce anos, cumple o Bachillerárgo e estuda Meicisña en Santiago. Fina a carreira por respeito ó seu pai que desexaba que o seu fillo fose Doutor, pero a sua vocación levouno por outros camiños. Entra por Concurso no Corpo Técnico do Instituto Xeográfico i Esta-

dístico, polo que pasa a residir en Pontevedra, que foi o lugar da sua residencia definitiva deica que as circunstancias o espatriaron definitivamente.

Dende a sua adolescencia demonstra unhas excepcionais condicións prás artes plásticas. Foi famoso en Sant-Iago un xornal que editaba un grupo de estudantes na mesa dun café. Castelao era o encarregado de dibuxar a estructura do número, e facer a caricatura. Moitos números quedaron sobor do mármore da mesma días e días sen borrar pra dar lugar a que "todo Sant-Iago" poidera gostalos. As súas colaboracións en diversas publicacións levaron o seu nome ás outuras da fama moi rapidamente. Pinturas, dibuxos e caricaturas, estuveron sempre ó servizo da súa Terra e dos humildes. Unha doencia dos ollos, que o tuvo sempre en perigo de perder a vista, levouno a tratar con especial cariño motivos de cegos galegos, logrando maravilloas realizacións. Os homes do campo, vértebras e médula do pobo galego, foron asimismo un tema da súa predilección. Pero si nas súas expresións plásticas aca-

dou unha culminación indiscutíbel, non menos logróu como escritor. Como humorista, novelista, autor dramático, Castelao ten obras imperecedeiras. A súa laboura de investigador expresouse principalmente en dous traballos, "As cruces de pedra na Bretaña" e "As cruces de pedra na Galiza", sendo ésta a sua derradeira obra, verdadeiro tesouro histórico donde non se sabe si ademirar más a colleita minuciosa do traballador infatigabel que documenta con fidelidade inigualada a mals insignificante cruceciña achada nunha pedra de calquer remoto lugar galego ou a luminosa interpretación do científico.

As voltas da vida levárono de novo ó exilio. O seu pasamento atopouno en Bós Aires o 7 de xaneiro de 1950, fai quince anos. Dende ise intre Castelao integrouse definitivamente ó patrimonio común do noso pobo. Hoxe pode decirse con Otero Pedrayo que Castelao é "a máxima figura da Galicia moderna" e, pensamos nos, unha das mais outas eis presións de home que, ó longo da súa historia, tennos dado o pobo galego.

—O problema da creencia relixiosa
é un asunto estritamente persoal;
nos respectamos a todos e non estámos
en contra de ninguén.

—Querémolle á nosa terra porque
é coma unha nai: agarimosa, verde
com a esperanza, enche de fartura
a quen a traballa.



O QUE CASTELAO ARELABA

PRA A SUA TERRA

(Sempre en Galiza, Ira. edic. Bós Aires, 1944, pág. 133.)

Eu vexo á nosa Terra ceibe de vezos rutinarios, de pleitos cátivos e de cobizas ruins.

Vexo aos homes no traballo e ás mulleres no fogar. Vexo aos nenos, loiros e bonitos, a comeren pantrigo con mel e manteiga. Vexo aos mozos, intelixentes e sabidos, enrequentando antergas costumes. Vexo mozas garridas levando cestas de liño ás fábricas de fiar, como denantes levaban o grau ao muíño, e véxos dispois a teceren lenzos insuperables.

Vexo casas limpas e hixiénicas, de feitura paisán e dacordo coas comenencias da vida labrega e mariñeira.

Vexo os montes repovoados e cobertos de piñeiraes. Vexo grandes fábricas de pasta de papel e de productos derivados do leite.

Vexo Centros de investigación e de experimentación agropecuaria. Vexo piscifactorías, Laboratorios costeiros i Escolas de pesca.

Vexo á Universidade de Santiago convertida en cerebro de Galiza, irradiando cultura e saber, mais alá dos lindeiros naturaes da nosa Terra. Vexo Escolas rurales de formación campesiña, para soerguer a comunidade aldeán.

Vexo a explotación mecánica das nosas canteiras de granito. Vexo a nosa artesanía renascida e superada.

Vexo Sindicatos productores de semente, rexidos por xenetistas experimentados. Vexo pazos para albergar as Cooperativas, mellores que en Dinamarca.

Vexo enormes criadeiros de marriscos. Vexo o tráfico dun gran porto pesqueiro — o mais importante de Europa —. Vexo cargar barcos con peras urracas e mazáns tabardillas.

Vexo, en fin, unha Terra fartuerta, onde todos traballan e viven en paz. Vexo a miña Terra como unha soia cibdade, a cibdade-xardín mais fermosa do mundo, a cibdade ideal para os homes que queiran vivir a carón da Natureza.

CASTELAO

Nacéu e morréu en xaneiro. Abríu os ollos, que xamáis souperon descuridades, alá no Rianxo abondoso, alá no Rianxo que fixera xurdirlle os sentimentos máis puros, nunha noite de inverno. Antre surrisas e salaios, envolviéto en brétemas lúmiosas, medróu, quentándose ao carón da lareira amiga. Dende pequenino xa coñece as coitas da emigración, escoitando rebumbios de foliada que viñan dende moi lonxe. Pro logo de voltar, gardando no peito as saudosas tradicións, bótase a camiñar pola corredera da sabenicia aldeán. Chega sedento de amore, dun amore que se ergue a cada intre, e que lle sabe decir ao ouvido sóidos máxicos. Parola con labregos e con mariñeiros, apaga a sua sede nas augas limpas do humorismo popular. Vai aos santuarios en longas

pelerinaxes, toca coa mán vellos castelos, carballeiras, penedíos, cruceiros, colle por atallos pra chegar denantes ao carozo do noso pobo. Un pobo, que sabe contempralo dende ó ángulo xusto das inxusticias. Das inxusticias que sofren os probes e os homildes, polo solo feito de seren probes e homildes...

Fai agora quince anos pechaba os ollos en Bós Aires, lonxe das augas mariñas nadales, gardando vivas as lembranzas do tempo, traendo un ventiño de paz e máis de silencio as suas ensoñacións. Como Rosalía, pecha os ollíños pra ver millor, acadando deste xeito ó derradeiro acougo no corpo e na alma. Un alalá longo, que espalla bágoas de eternidade, un alalá que bica tódolos seus sonos, ábrelle a porta da Inmortalidade.

A NOSA BANDEIRA

Cando algúén vos fale da bandeira — calquera que esta sexa — decidelle que nós temos a nosa. É a bandeira branca da paz e da pureza, cruzada polo ceo azul, donde teñen acougo todas as almas galegas i-o fume que sale de entre astellas.

E no centro deste ceo azul da nosa bandeiriña, temos un caliz que

fala da espirtoalidade do noso pobo.

Así, pois, escorneádelle cando vos falen doutra bandeira que non sexa a nosa, porque están facendo política: Nin bandeira republican, nin bandeira monárquica, nin guerra civil.

Cordialidade, hirmandade, traballo, amor. Velahi a nosa bandeira.

XANCINO

GUIEIRO

Redacción y Administración: San José 870

Montevideo — Uruguay

Comisión de Redacción:

Cancela Freijo, José García Durán, Juan

Castro Alvarez, Julio Pereira Caamaño, Fernando

Deber Otero, Cristóbal Rosende, Joaquín

Villaverde, José Luis.